

INSTRUCCIÓN Nº 2/2019 DE 29 DE XANEIRO DE 2019

POLA QUE SE ESTABLECEN OS CRITERIOS INTERPRETATIVOS REFERENTES AOS INVESTIMENTOS NO SECTOR DA PRODUCCIÓN AGRARIA PRIMARIA REFERIDOS Á MELLORA DA EFICIENCIA ENERXÉTICA E AO EMPREGO DE ENERXÍAS RENOVABLES, AO ABEIRO DA SUBMEDIDA 19.2 (PROXECTOS LEADER) DO PDR DE GALICIA 2014-2020

A ficha de elixibilidade I (artigos 36-38) das bases reguladoras das axudas que se tramiten ao abeiro da medida Leader (submedidas 19.2 e 19.4), cofinanciadas co Feader no marco do Programa de desenvolvemento rural de Galicia 2014-2020 (PDR) publicadas a través da Resolución do 29 de decembro de 2016 pola que se publica o Acordo do Consello de Dirección do 29 de decembro de 2016 (DOG nº 12, do 18 de xaneiro de 2017), regulan os investimentos no sector da produción agraria primaria (proxectos produtivos).

Sínálase no citado artigo 36 das bases reguladoras que por razóns de coherencia e complementariedade con outras liñas de axuda específicas do PDR de Galicia 2014-2020, non serán subvencionables, como regra xeral, os proxectos encadrables no sector da produción agraria primaria (inclúese na definición de produción agraria primaria a produción agrícola, gandeira e forestal), non obstante, como excepción á regra xeral, prevese a subvencionabilidade a través da medida Leader de Galicia 2014-2020, de investimentos que contribúan á prioridade horizontal en todas as políticas da Unión Europea de loita contra o cambio climático e de adaptación cara a unha economía que diminúa as emisións de carbono.

En concreto, serán subvencionables os investimentos en explotacións agrarias que se refiran á mellora da eficiencia enerxética das mesmas e/ou ao emprego de fontes de enerxía renovables.



Como requisitos específicos sinálanse que a explotación agraria deberá estar en funcionamento, ter declarada facturación real pola venda dos seus produtos, e posuír un CEA (código de explotación agraria) ou rexistro oficial que corresponda á explotación agraria dunha antigüidade de polo menos un ano anterior á data da solicitude de axuda. Ademais, a mellora da eficiencia enerxética da explotación agraria deberá quedar acreditada mediante a presentación dun plan empresarial, acompañado dun informe emitido por técnico competente ou dunha auditoría enerxética. A redución dos custes derivados da mellora da eficiencia enerxética da explotación deberá acadar unha porcentaxe mínima do 40%.

Co obxecto de delimitar polo miúdo os gastos que se considerarán subvencionables no ámbito da mellora da eficiencia enerxética e/ou do emprego de fontes de enxía renovables nos investimentos en explotacións agrarias (ficha de elixibilidade I das bases reguladoras) dos expedientes tramitados ao abeiro da submedida 19.2 do PDR de Galicia 2014-2020, dítase a seguinte instrución:

1. Investimentos relacionados coa mellora da eficiencia enerxética.-

Terán a consideración de investimentos relacionados coa mellora da eficiencia enerxética das explotacións agrarias os investimentos que estean directamente relacionados co aforro enerxético da explotación agraria e que supoñan unha redución dos seus custes enerxéticos nunha porcentaxe mínima do 40%.

En concreto, terán, exclusivamente, esta consideración, os investimentos que os plans de mellora publicados pola Consellería de Medio Rural consideren como de aforro enerxético:

Clave investimento (Plans Mellora Medio Rural)	Descrición	Módulo €
9283	Int. plac. arref. leite <60	3.500,00
9284	Int. plac. arref. leite >60	5.000,00
9285	Sist. recup. calor <60	3.500,00
9286	Sist. recup. calor >60	5.000,00
9287	Variador frecuencia. <4	1.200,00
9288	Variador frecuencia. >4	1.500,00

Nota 1: o importe máximo imputable será o que determine o módulo máximo aplicable a cada investimento.

Nota 2: En ningún caso terán a consideración de gasto subvencionable a adquisición de equipos de muxido.



2. Investimentos relacionados co emprego de fontes de enerxías renovables.-

Terán a consideración, para os efectos desta instrución, de investimentos referidos ao emprego de enerxías renovables a enerxía procedente de fontes renovables non fósiles, é dicir:

- Enerxía eólica.
- Enerxía solar (solar térmica e solar fotovoltaica).
- Enerxía xeotérmica.
- Enerxía ambiente.
- Enerxía mareomotriz., enerxía undimotriz e outros tipos de enerxía oceánica.
- Enerxía hidráulica
- Enerxía procedente de biomasa, gases de vertedoiro, gases de plantas de depuración.
- Biogás.
- Aeroterminia.

2.1 Definicións a efectos desta instrución.-

«enerxía xeotérmica»: a enerxía almacenada en forma de calor baixa a superficie da terra sólida;

«enerxía ambiente»: a enerxía térmica presente de maneira natural e a enerxía acumulada nun ambiente confinado, que pode almacenarse no aire ambiente (excluído o aire de saída) ou nas augas superficiais ou residuais;

«biomasa»: a fracción biodegradable dos produtos, residuos e refugallos de orixe biolóxica procedentes de actividades agrarias, incluídas as substancias de orixe vexetal e de orixe animal, da silvicultura e das industrias conexas, incluídas a pesca e a acuicultura, así como a fracción biodegradable dos residuos, incluídos os residuos industriais e municipais de orixe biolóxica;

«biogás»: os combustibles gasosos producidos a partir de biomasa.

«mareomotriz»: a enerxía que permite a obtención de electricidade a partir da enerxía que se obtén aproveitando a forza das mareas.

«undimotriz»: a enerxía que permite a obtención de electricidade a partir da enerxía mecánica xerada polo movemento das ondas.



2.2 Enerxía procedente de bombas de calor.-

A enerxía aerotérmica, xeotérmica e hidrotérmica capturada polas bombas de calor terase en conta como enerxía procedente de fontes renovables, sempre que a produción final de enerxía supere de forma significativa o insumo de enerxía primaria necesaria para impulsar a bomba de calor.

Concretamente, a cantidade de calor que se ha de considerar como enerxía procedente de fontes renovables a efectos da Directiva 2009/28/CE relativa ao fomento do uso de enerxía procedente de fontes renovables calcularase de conformidade coa metodoloxía establecida no seu anexo VII:

$$ERES = Qusable * (1 - 1/SPF) \text{ só para } SPF > 1.15 * 1/\eta$$

Onde:

Eres= Enerxía renovable

Qusable = calor útil total aportado pola bomba

SPF = Factor de rendimientto medio estacional estimativo

η = Eficiencia do sistema

A Decisión da Comisión de 01/03/2013 directrices para o cálculo da enerxía renovable procedente de la bomba de calor desenvolve a metodoloxía de cálculo da Directiva, así, establece a eficiencia do sistema $\eta = 0,455$.

Por tanto considérase que as bombas de calor achegan enerxía procedente de fontes renovables cando SPF:

- É 2,5 ou superior para bombas accionadas por enerxía eléctrica.

- É 1,15 ou superior para bombas accionadas por enerxía térmica.

Nota 1: A determinación do SPF debe efectuarse, no caso do coeficiente de rendemento estacional (SCOPnet, para bombas eléctricas), de acordo coa norma EN 14825:2012 ou, no da relación estacional de enerxía primaria (SPERnet, para bombas térmicas), de acordo coa norma EN 12309.

Nota 2: A xustificación documental que aporte o cálculo do SPF debe ser avalada mediante a declaración de conformidade CE realizada polo fabricante, e polo seu etiquetado enerxético, segundo regula o R.I.T.E (Regulamento de Instalacións Técnicas nos Edificios – Real Decreto 238/2013, de 5 de abril-) e no resto da normativa vixente.

3. Publicidade e entrada en vigor desta instrución.-

Esta instrución será publicada na web da Agader e notificada electronicamente a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://notifica.xunta.gal>) a todos os GDR seleccionados



para a aplicación dunha Estratexia de Desenvolvemento Local participativo ao abeiro da medida Leader do PDR de Galicia 2014-2020.

Os criterios interpretativos e as normas contidas nesta instrución serán aplicables a partir do día da recepción da mesma polos GDR destinatarios.

Santiago de Compostela

O director xeral de AGADER

(Asinado electronicamente)

Miguel Ángel Pérez Dubois

